


### As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978

Tras o éxito do referendo da *Lei para a Reforma Política* a *iniciativa política* pasa claramente ao goberno de Suárez que toma máis medidas reformistas: amnistía, disolución do Movemento, legalización dos sindicatos e das folgas...Ante estes cambios, pouco a pouco, as principais forzas da oposición pasan a aceptar a "vía reformista". Aínda que para eles é fundamental que se legalicen todos os partidos políticos. En decembro do 76 o PSOE celebra o seu Congreso en Madrid, o primeiro en España desde a Guerra Civil, coa presenza de numerosos líderes do socialismo mundial, confirmando a Felipe González como líder do PSOE. En canto ao PCE, o 10 de decembro celebrou en Madrid unha conferencia de prensa clandestina coa que pretendía forzar a súa legalización.

O agravamento dos problemas de orde pública a principios de 1977 fan perigar o éxito da reforma: terrorismo de extrema dereita (asasinato de 5 avogados laboristas en Atocha), de ETA, da extrema esquerda (o GRAPO atenta contra policía e secuestra a Antonio Oriol -presidente do Consello de Estado- e ao tenente xeneral E. Villaescusa)..

#### Xuño 1977: as primeiras Eleccións Xerais

Unha vez afianzada a súa autoridade Suárez debía preparar as eleccións xerais, pero antes tiña que resolver o problema da legalización do PCE. Ante a sorpresa xeral e aproveitando que era semana santa, Suárez legalizou o PCE o 9 de abril de 1977, provocando a dimisión do ministro de Mariña do seu gabinete e un forte malestar entre os militares. A cambio da legalización o PCE aceptou a monarquía, a bandeira bicolor e a unidade de España. Ese mesmo día o goberno fixou as eleccións xerais para o 15 de xuño do 77.



Fonte: Wikipedia (Impru20) CC BY SA

O anuncio das eleccións acelerou a creación de formacións políticas que desexaban concorrer a elas dando lugar a unha interminable *sopa de letras*, presentaron documentación 111 partidos dos que foron legalizados 78. moitos grupos políticos agrupáronse en coalicións: as forzas de centro formaron a **Unión de Centro Democrático** unha coalición na que convivían grupos da oposición moderada e do reformismo franquista baixo o liderazgo de Suárez, as forzas da dereita herdeiras do franquismo xuntáronse na alianza Popular liderada por Fraga.

Os resultados clarificaron o panorama político, saíron reforzadas as opcións de dereita e esquerda moderadas (Unión de Centro Democrático -166 deputados- e PSOE - 118-), fracaso relativo do PCE e da Alianza Popular de Fraga, bos resultados dos nacionalismos vasco (PNV de X. Arzallus) e catalán (PDC de J. Pujol) os resultados facilitan a "vía do consenso" que caracterizará ao segundo goberno de Suárez. Nin a extrema dereita nin a extrema esquerda lograron escano, tampouco os nacionalistas galegos.

Nas novas Cortes impoñese a **política de consenso**: acordo das principais forzas políticas sobre os asuntos de Estado cruciais para levar a bo fin o proceso democratizador, plásmase en feitos como:

1- **A sinatura dos Pactos da Moncloa (Outubro.77)**, un acordo asinado en outubro de 1977 polos axentes sociais (partidos políticos, sindicatos, organizacións empresariais) no que se comprometían a establecer unha estratexia común para lograr a estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflitividade social e a adopción de medidas para abordar a crise económica que se viña arrastrando desde 1973. A aplicación dos acordos obtivo resultados positivos case inmediatos na redución da inflación (do 40 ao 16 %) e na balanza de pagos, así como na normalización da vida sindical (celebración das primeiras eleccións sindicais en 1978 e elaboración do Estatuto dos Traballadores)

2- **A elaboración e aprobación da Constitución**: a Constitución foi fruto do consenso entre as principais forzas políticas representadas no Parlamento. A súa elaboración foi un proceso longo e laborioso, no que se buscaba que saíse aprobada por unha ampla maioría das forzas democráticas. Ten como aspectos máis relevantes:

- A definición de España como un **"Estado social e democrático de Dereito"**. España é un Estado unitario que recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e das rexións que o integran, orixinando un novo modelo: o Estado das Autonomías.

- A adopción da **Monarquía parlamentaria** como forma de Estado (a esquerda, de simpatías republicanas, transixiu ao entender que a monarquía podía ser unha garantía fronte aos riscos de involución política). O Rei é o Xefe de Estado, pero cuns poderes moi limitados (funcións case exclusivamente cerimoniais e representativas).

- Unha ampla **Declaración de dereitos e o establecemento da división de poderes** (executivo - Goberno-, lexislativo -Cortes bicamerais- e xudicial).

- O establecemento dun **Estado non confesional**, aínda que os poderes públicos deberían ter en conta a relixiosidade dos españois e manter relacións de colaboración coa Igrexa católica.

- A aceptación **da liberdade de mercado**, pero recoñecendo a posibilidade da intervención estatal por motivos de interese colectivo e apostando polo Estado do benestar.



Entre as **características da Constitución de 1978** destacan:

- ☒ É unha **Constitución de consenso**, resultado do acordo entre os diversos partidos políticos con proxectos distintos e incluso antagónicos.
- ☒ **A ambigüidade e o eclecticismo**, xa que está redactada dunha forma intencionadamente ambigua que permite e posibilita distintas interpretacións. Para algúns constitúe un inconveniente porque produce inseguridade; para outros, constitúe a súa principal virtude, porque permite gobernar aos partidos da dereita e da esquerda sen necesidade de modificala, rectificando así os vellos erros

históricos de que cada ideoloxía triunfante tivese que elaborar unha nova Constitución á súa medida.


- ☒ **Progresista e democrática**, polo seu contido e os mecanismos establecidos para a participación popular.
- ☒ A **extensión**, pois é máis longa de todas as Constitucións españolas.
- ☒ A **rixidez**, porque o procedemento de reforma que establece esixe unha votación favorable dos 3/5 de ambas Cámaras e a ratificación popular en referendo.

**3 - A creación do Estado das Autonomías** dentro da "indisoluble unidade da nación española", pero rompendo co centralismo anterior do franquismo e do propio Estado liberal .

Púxose en práctica en dúas fases:

- a) concesión de autonomías provisionais ("preautonomías") a aquelas comunidades que contaran con representantes que así o pedisen;
- b) concesión definitiva das institucións autonómicas unha vez regulamentado o procedemento e os niveis de competencias pola Constitución.

As primeiras en dotarse de "preautonomías" foron as comunidades ou nacionalidades históricas (que contaban con antecedentes estatutarios da época da República): Cataluña (Set.77), País Vasco (xaneiro.78) e Galicia (marzo 78). Os cataláns foron os primeiros en retomar a cuestión: Josep Tarradellas, presidente da Generalitat no exilio, toma a iniciativa e regresa a Cataluña en 1977 ("já sóc aquí") e forza o restablecemento da Generalitat.



Fonte: Wikipedia (Impru20) CC BY SA

A partir da aprobación da Constitución configúrose o mapa definitivo das autonomías, extendéndose a todo o territorio español entre Decembro de 1979 e Febreiro de 1983 (so ficarían para 1995 Ceuta e Melilla). Integrárono, ademais das tres "comunidades históricas", rexións cunha forte personalidade propia (p.e. Andalucía), territorios uniprovinciais con raizame histórica (Asturias, Navarra) ou sen ela (Murcia, Madrid, Cantabria, a Rioja). Todos eles se dotaron dos seus correspondentes órganos de goberno, con diverso grao de competencias segundo os casos.

aínda que perde a maioría absoluta.

En Marzo do 79 celébranse as segundas Eleccións Xerais cuns resultados semellantes aos de 1977: vence a UCD,

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)